



DATOS IDENTIFICATIVOS

Literatura española dos séculos XVIII e XIX

Materia	Literatura española dos séculos XVIII e XIX			
Código	V01G160V01804			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Literatura española e teoría da literatura			
Coordinador/a	Ribao Pereira, Montserrat			
Profesorado	Ribao Pereira, Montserrat			
Correo-e	ribao@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Estudo dos principais autores/autoras e obras da literatura española dos séculos XVIII e XIX, con especial atención á análise dos textos.			

Competencias

Código	
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A5	Que o estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C1	Dominar a comunicación cos e coas falantes das linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais, desenvolvendo a capacidade de comprensión e expresión oral e escrita, con tolerancia cara á diversidade social e cultural como resultado de defender os dereitos fundamentais de igualdade social, de xénero, de raza e de orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
C2	Identificar, comprender e apreciar as principais contribucións das literaturas do español (en España e en América) e do galego, con especial sensibilidade para as literaturas emparentadas, como son as que corresponden ás linguas neolatinas e en particular a portuguesa
C3	Abarcar os fundamentos teóricos e aplicados que ofrecen os diferentes paradigmas lingüísticos, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas española, galega e lusófona nos seus distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
C4	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüística e literario
C5	Dispoñer dos coñecementos necesarios para a comprensión, análise, desenvolvemento, avaliación e aproveitamento dos recursos lingüísticos e literarios para o futuro profesional
D2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
D3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.
D5	Que o alumnado desenvolvese aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación literaria e á docencia en literatura española.	A3 A5	C1 C2 C3 C4 C5	D2 D3 D5
Formular razoamentos críticos no ámbito de estudo literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva aos textos obxecto de estudo.	A3 A5	C1 C2 C3 C4 C5	D2 D3 D5
Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.	A3 A5	C1 C2 C3 C4 C5	D2 D3 D5
Mostrar sensibilidade cara ás achegas feitas polas mulleres á literatura e á cultura española, galega e portuguesa nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. Entender as funcións do canon, a súa formación e os seus axentes, e valorar as exclusións que xera, por exemplo, a exclusión dos textos de escritoras, particularmente nos diferentes ámbitos xeográficos e culturais das linguas galega e española.	A3 A5	C1 C2 C3 C4 C5	D2 D3 D5
Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	A3 A5	C1 C2 C3 C4 C5	D2 D3 D5
Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.	A3 A5	C1 C2 C3 C4 C5	D2 D3 D5
Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado	A3 A5	C1 C2 C3 C4 C5	D2 D3 D5
Que o alumnado desenvolvese aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	A3 A5	C1 C2 C3 C4 C5	D2 D3 D5
Identificar, comprender e apreciar as principais contribucións da literatura española dos séculos XVIII e XIX	A3 A5	C1 C2 C3 C4 C5	D2 D3 D5

Contidos

Tema

1.Século XVIII	1.1.Poesía. Prosa. Jovellanos. Cadalso 1.2.Teatro. García de la Huerta. Ramón de la Cruz.
2.Século XIX	2.1.Poesía. Espronceda. Bécquer. Rosalía 2.2.Prosa costumbrista. Periodismo. Alarcón. Pardo Bazán. Clarín 2.3.Teatro romántico. Duque de Rivas. La alta comedia. Teatro realista

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos de aula	7	0	7
Resolución de problemas e/ou exercicios	8	27	35
Sesión maxistral	30	30	60
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	3	45	48

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos de aula	O alumnado desenvolve exercicios na aula baixo as directrices e supervisión da profesora. O seu desenvolvemento pode estar vinculado con actividades autónomas do alumnado, como as lecturas.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade na que se formulan exercicios relacionados co comentario de textos e análise das obras de lectura obrigatoria. O alumnado debe desenvolver a reflexión literaria de forma autónoma.
Sesión maxistral	Exposición por parte da profesora dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Nas horas de titoría alumnas e alumnos poderán consultar, de maneira personalizada, calquera dúbida que teñan, tanto sobre os contidos da asignatura como sobre as diferentes cuestións relativas ó desenvolvemento dos traballos. Os traballos realizados na aula e os exercicios resoltos na mesma contarán tamén, en todo momento, con esta atención personalizada. A atención por correo electrónico levarase a cabo NAS MESMAS HORAS das titorías presenciais.
Traballos de aula	Nas horas de titoría alumnas e alumnos poderán consultar, de maneira personalizada, calquera dúbida que teñan, tanto sobre os contidos da asignatura como sobre as diferentes cuestións relativas ó desenvolvemento dos traballos. Os traballos realizados na aula e os exercicios resoltos na mesma contarán tamén, en todo momento, con esta atención personalizada. A atención por correo electrónico levarase a cabo NAS MESMAS HORAS das titorías presenciais.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Nas horas de titoría alumnas e alumnos poderán consultar, de maneira personalizada, calquera dúbida que teñan, tanto sobre os contidos da asignatura como sobre as diferentes cuestións relativas ó desenvolvemento dos traballos. Os traballos realizados na aula e os exercicios resoltos na mesma contarán tamén, en todo momento, con esta atención personalizada. A atención por correo electrónico levarase a cabo NAS MESMAS HORAS das titorías presenciais.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballos de aula	Reflexión sobre as lecturas. Comentarios de texto. Controis de lectura.	30	A3 A5	C1 C2 C3 C4 C5	D2 D3 D5
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Unha ou varias preguntas teóricas ou a partires de textos que demostren a asimilación específica de contidos, a capacidade de síntese e a comprensión global dos movementos estéticos que se abordan na materia.	70	A3 A5	C1 C2 C3 C4 C5	D2 D3 D5

Outros comentarios sobre a Avaliación

Levar a cabo todos os controis de lectura, os comentarios de texto e as reflexións sobre os títulos obrigatorios será requisito imprescindible para ter dereito á avaliación continuada. Quere isto dicir que o alumnado que non acuda a clase os días marcados para estas actividades presenciais deberá presentarse a unha proba global sobre a materia na data fixada pola profesora que a imparte.

As datas para os controis de lectura facilitaranse ao alumnado ao comenzo das clases.

A data do exame de maio (70% da cualificación para os que opten pola avaliación continuada e 100% para os que non) será o martes 10 de maio.

A data do exame de xullo será a que fixe a Facultade.

En calquera caso, para superar a materia é imprescindible demostrar corrección lingüística e ortográfica. Non aprobará quen escriba con faltas de ortografía e/ou acentuación. Tampouco aprobará quen incurra en plaxio.

Bibliografía. Fontes de información

Sainetes,

Lecturas:

- Antología de prosa del siglo XVIII (se facilitará en clase o a través de la plataforma TEMA).
2. García de la Huerta, V, *Raquel*, ed. de R. Andioc, Madrid, Castalia.
 3. Cruz, Ramón de la, *Sainetes* (antología que se facilitará en clase o a través de la plataforma TEMA).
 4. Saavedra, A. de, *Don Álvaro o la fuerza del sino*, ed. de M. Á. Lama, Barcelona, Crítica.
 5. Antología de narrativa (en prosa y verso) romántica (se facilitará en clase o a través de la plataforma TEMA).
- Alas, L., *Clarín, La Regenta*, ed. de G. Sobejano, Madrid, Castalia.

Historias da Literatura Española:

- Alonso, C., *Historia de la Literatura Española. Vol 5. Hacia una literatura nacional. 1800-1900*, Barcelona, Crítica, 2010.
- Albiac, D., *Historia de la Literatura Española. Vol 4. Siglo XVIII*, Barcelona, Crítica, 2011.
- Farré, J. et al., eds., *El teatro en la España del siglo XVIII*, Lleida, Universidad de Lleida, 2012.
- Ferreras, J. I., *La novela en España. Historia, estudios y ensayos. Tomo III, Siglo XIX. Primera Parte (1800-1868). Tomo IV, Siglo XIX. Segunda Parte (1868-1900)*, Madrid, La Biblioteca del Laberinto, 2010.
- García de la Concha, V., dir., *Historia de la Literatura Española. Siglo XVIII (I y II)*, coord. G. Carnero (Madrid, Espasa-Calpe, 1995). *Siglo XIX (I)*, coord. G. Carnero (Madrid, Espasa-Calpe, 1997). *Siglo XIX (II)*, coord. L. Romero Tobar (Madrid, Espasa-Calpe, 1998).
- Mainer, J. C., *Historia de la Literatura Española, vol. 6, Modernidad y Nacionalismo (1900-1939)*, Barcelona, Crítica, 2010.
- Rico, F., dir., *Historia y Crítica de la Literatura Española, vol. 8, Época contemporánea (1939-1980)*, coord. D. Ynduráin (Barcelona, Crítica, 1980) y suplemento, vol. 8/1, coord. S. Sanz Villanueva y M. Amores (Barcelona, Crítica, 1999); vol. 9, *Los nuevos nombres (1975-1990)*, coord. D. Villanueva (Barcelona, Crítica, 1992) y suplemento, vol. 9/1, coord. J. Gracia (Barcelona, Crítica, 2000).

Recomendacións

Outros comentarios

A introdución xeral aos séculos XVIII e XIX é parte do contido da materia "Panorama de la Literatura en lengua española II" e, polo tanto, constitúe o punto de partida obrigatorio para o desenvolvemento da nova materia. É imprescindible, pois, que o alumnado de Literatura española dos séculos XVIII e XIX coñeza os textos de bibliografía primaria facilitados en Panorama II.
